

Programa

O mito da transición

Luns, 17 de decembro ás 18:00 h

Después de... no se os puede dejar solos (primeira parte)

No haber olvidado nada

Postsocializem + Retroavanguardia + Irwim Post-socialism + Retroavanguardia + Irwin)

A conta atrás

Martes, 18 de decembro ás 18:00 h

Countdown

O esquecemento da diáspora

Mércores, 19 de decembro ás 18:00 h

Abanico rojo

El tren de la memoria

Fala a morte

Xoves, 20 de decembro ás 18:00 h

Muerte en el valle

Más muertas vivas que nunca

November

Tolemias familiares: A familia ben, grazas!

Venres, 21 de decembro

20:00 h Mesa redonda con Virginia Villaplana, Pedro Ortuño e María Ruido

21:00 h *El desencanto*

Panorama doméstico ¡acción!

Monumentos, símbolos e residuos

Sábado, 22 de decembro ás 20:00 h

Chile, la memoria es obstinada

Los rubios

La memoria es vaga

Plan Rosebud é un proxecto dirixido por María Ruido.

Imaxinarios en tránsito é unha coprodución do Centro Galego de Artes da Imaxe e o Centro Galego de Arte Contemporánea.

A directora do ciclo, Virginia Villaplana, é escritora, artista e profesora de Comunicación Audiovisual na Universitat de Valencia. O programa *Imaxinarios en tránsito* proxectarase no CGAI [www.cgai.org] do 16 ao 23 de febreiro de 2008.

Imaxinarios en tránsito. Ensaios, resistencias poéticas e lugares comúns sobre unha postransición á democracia

Xornada de rodaxe 7ª, 28 de xuño de 1990. Que é o que conta? Tren de suspensión magnética en dirección a Potsdamer Platz. O Tiergarten, pícnicos e refuxios dos sen teito. "Diversidade multicultural" ou nova formación de guetos? Crece a pobreza "coma muros levantados por mans invisibles", escribe Walter Benjamin. Nunha situación así está ben ver mans contando. Por medio destes acenos, contando, comunícanse entre eles e seguen vivos.

Xornada de rodaxe 8ª, 29 de xuño de 1990. O baleiro escaparete do Leste. Por que non esperar a que o baleiro ideolóxico xere novos contidos? Por que non tomar o tempo de reaccionar ante feitos reais, cando xa non é posible unha política de ideas? Por que encher enseguida co xa coñecido calquera baleiro que puidese xurdir? Por que non frear nunca e sempre acelerar cando a retardación podería xerar a súa propia aceleración sen os ollos postos no seguinte obxectivo por cumprir?

Extracto do filme *Countdown* (Ulrike Ottinger, 1990), texto: Eva Meyer

Na vella Europa, que se apresura a enterrar no faiado da Historia os restos do seu pasado, emerxe a necesidade de traer ao presente as orixes que deron paso aos distintos modelos democráticos. Estaría a Historia recente envolta nesa mesma mercantilización do consumo? A memoria parece que foi raptada ou convertida nun *souvenir* do recordo consumido pola versión que as industrias culturais diseminadas no espectáculo deixaron tras de si.

Unha das moitas interrogantes que formula este ciclo *Imaxinarios en tránsito* é a suplantación da escritura e as narrativas de resistencia fronte á historia narrada con *H* maiúsculo. A transformación da escritura a través da imaxe a modo de ensaios, resistencias políticas e lugares comúns nos que atoparnos fronte á definición das sociedades-democracias occidentais xunto aos países do Leste tras a caída do Muro de Berlín en 1989, e ampliando este imaxinario a outros casos como o foron as experiencias argentina e chilena na década dos oitenta do pasado século. Un tránsito poboado de imaxinarios cara á democracia cando aínda a revisión do pasado en termos de conciencia social quedou velada, borrosa e ata incompleta. Por iso, este ciclo *Imaxinarios en tránsito* mostra que ensaiar sobre a realidade é ensaiar sobre a liberdade, e, á vez, supón exercer unha práctica democrática ao intentar subliñar a necesidade de apropiarse das historias cotiás pero tamén de xustapor o esquecemento fronte á necesidade de narrativas antagonistas aos grandes relatos que o cine como industria cultural fabricou. A experiencia da escritura aparece así como un dos eixes de conexión do contacto híbrido entre a palabra e a construción de narrativas que invocan a procedencia desas mesmas sociedades democráticas. A representación filmica e videográfica a modo de ensaio funciona como un dispositivo que brinda dobre información: unha ben explícita, aquela que vemos na pantalla e que escoitamos; outra implícita, que pon de manifesto os argumentos que mediatizan unha determinada representación da relación entre narración, memoria e evocación inseridas no ámbito da vida cotiá. Neste sentido, as narrativas filmicas e videográficas que integran este ciclo de cine e vídeo máis que responder a unha función dramática propia do cine clásico pero tamén posmoderno, incluíndo a súa formulación, nó e desenlace, disólvense na idea de documento inacabado, tendendo na súa forma de ensaio persoal ou tratado a suplantarse a construción dun recordo pola dun imaxinario cheo de resistencias e potencialidades.

PLAN ROSEBUD
Sobre imaxes, lugares e políticas de memoria

PLAN RO
Sobre imaxes, lugares

Imaxinarios en tránsito

Ensaios, resistencias poéticas e lugares comúns sobre unha postransición á democracia

Ciclo de cine

17/22 decembro 2007



DESPUÉS DE... NO SE OS PUEDE DEJAR SOLOS (PRIMEIRA PARTE)

Dirección: Cecilia e José Bartolomé / **País:** España / **Ano:** 1981 / **Duración:** 90 min

Filme emblemático do documentalismo político desenvolvido en España entre os anos 1976 e 1980, realizado co propósito de reconstruír a historia da primeira transición. O compromiso de representar con rigor o panorama social e ideolóxico daqueles anos queda demostrado grazas á participación de diferentes testemuñas pertencentes ás distintas clases sociais, á vez que aborda certos aspectos problemáticos da transición á democracia. As tensións no País Vasco, o movemento obreiro, as loitas das mulleres, a situación da mocidade e o emprego, a fonda división ideolóxica entre dereitas e esquerdas, a ameaza do fascismo... son aspectos que este filme indaga outorgándolle o protagonismo absoluto á cidadanía anónima. Todos estes elementos converten o filme, dividido en dúas partes, nun documento imprescindible para entender a historia recente de España.

NO HABER OLVIDADO NADA

Dirección: Marcelo Expósito, Fito Rodríguez, Gabriel Villota / **País:** España / **Ano:** 1998 / **Duración:** 57 min

A partir dunha desmontaxe crítica da serie sobre a transición española realizada para Televisión Española pola xornalista Victoria Prego, esta narración incide na transición como mito fundacional da nosa sociedade, do estado das cousas presente. A desmemoria pública, e aínda máis, a *reescritura* mitolóxica da transición, é o foco crítico que contén este documental. O enterro do xeneral Franco contraponse ás imaxes propagandísticas de 1992 intentando mostrar os silencios e esquecementos, sistematicamente construídos, que acabaron dando paso á situación actual. *No haber olvidado nada* é un traballo que cuestiona a fin deste período e reabre o debate sobre a construción da democracia en España. Cada unha das partes da narración estrutúrase de forma hipertextual incluíndo material de arquivo, gravacións directas e entrevistas a distintos intelectuais como Cecilia e José Bartolomé, Eduardo Subirats e Juan Ramón Capella.

POSTSOCIALIZEM + RETROAVANTGARDA + IRWIN (POST-SOCIALISM + RETROAVANTGARD + IRWIN)

Dirección: Marina Grzinic, Aina Smid / **País:** Eslovenia / **Ano:** 1997 / **Produción:** TV SLOVENIA / **Duración:** 22 min

Esta narración de vangarda está baseada no ensaio filosófico *Mapping Post-socialism* de Marina Grzinic a modo de tratado sobre a produción cultural artística e o espazo político no contexto do territorio da ex Iugoslavia na década que abrangue de 1980 a 1990. Esta narración constrúese a partir de distintos materiais documentais que chocan así mesmo coas achegas de dous importantes filósofos europeos, Slavoj Žizek de orixe eslovena, e Peter Weibel de orixe xermana e austríaca. As reflexións dos filósofos dan paso ao traballo de varios artistas establecidos en Ljubljana, o grupo IRWIN; Zagreb, Mladen Stiljinovic, e Belgrado, Kasimir Malevich, que a través dos seus proxectos culturais trazan o tránsito dos códigos do socialismo á ideoloxía posocialista procedente dos países do Leste.

COUNTDOWN

Produción: Ulrike Ottinger Filmproduction / **Dirección, guión e cámara:** Ulrike Ottinger / **Texto:** Eva Meyer / **Son:** Margit Eschenbac / **Montaxe:** Eva Schlensag / **País:** RFA / **Ano:** 1990 / **Duración:** 188 min / V.O. subtitulada en castelán

Countdown é unha crónica cinematográfica do final da Alemaña dividida. Ulrike Ottinger segue unha secuencia cronolóxica de dez días ata o 1 de xullo de 1990, data en que se unifica o sistema económico produtivo europeo mediante a unidade monetaria e o libre comercio. A modo de diario, o relato destes dez días queda atravesado polo texto poético de Eva Meyer escrito para este filme de observación participativa no cotián. A película amosa con claridade as transformacións que se produciron no país naqueles momentos históricos, pero tamén todo o que non se alterou coa caída do Muro de Berlín e a primeira etapa da reunificación alemá.

ABANICO ROJO

Dirección, produción e guión: Pedro Ortuño / **País:** España / **Ano:** 1997 / **Duración:** 85 min

Abanico rojo é unha narración que mestura historia privada e memoria colectiva a propósito da guerra civil española e dos *nenos da guerra* acollidos na URSS, combinando imaxes de arquivo e entrevistas con diversos testemuños daquel éxodo e dunha xeración sucesiva xa nacida alí. Esta narración supón o achegamento xeracional tal e como se relata nun dos testemuños que se recollen nas distintas entrevistas. *Abanico rojo* queda como un proxecto que compila a memoria espallada do éxodo durante a guerra civil e a súa invocación.

EL TREN DE LA MEMORIA

Dirección e guión: Marta Arribas e Ana Pérez / **País:** España / **Ano:** 2005 / **Duración:** 85 min / **Produción:** Santiago García de Leániz / **Música:** Tao Gutiérrez / **Fotografía:** Antonio González / **Montaxe:** Ángel Hernández Zoido

España, anos sesenta: dous millóns de españois saen do país empuxados pola necesidade. O seu destino: Alemaña, Francia, Suíza e os Países Baixos. A metade son clandestinos e viaxan sen contratos de traballo. O oitenta por cento son analfabetos. Ante eles levántase o muro do idioma e os costumes diferentes. España, na actualidade: outros necesitados petan na porta dun país próspero. Case ninguén se acorda da outra historia. Josefina, si. Ela lembra a súa viaxe no tren da memoria. Destino: Nuremberg, Alemaña. *O tren da memoria* retrata o éxodo de dous millóns de españois que buscaron a prosperidade en Europa nos anos sesenta. Fóronse para uns meses, quedaron trinta anos. O documental pretende cubrir unha lagoa na recente historia de España e saldar unha débeda cos protagonistas duns tempos difíciles dos que apenas sabemos algo máis que unha concisa historia oficial e uns cantos tópicos.

MUERTE EN EL VALLE

Dirección, produción e guión: Christina María Hardt / **Produción:** CM Pictures para Channel Four Televisión / **País:** Estados Unidos e Reino Unido / **Ano:** 1996 / **Duración:** 50 min

Unha directora moza e norteamericana, neta dun enlace da guerrilla antifranquista, investiga a morte do seu avó ata atoparse co asasinó. En 1948 o avó de Christina María Hardt foi asasinado pola Garda Civil. Cincuenta anos máis tarde ela volve a España para descubrir a verdade sobre como morreu. Aquí descobre a guerra clandestina que o levou á morte. Aquí desenterra o odio e o medo dun pobo que íntenta esquecer o seu pasado, e aquí enfróntase á súa

propia familia por unha historia que nin eles mesmos queren que ela descubra. Documentaao todo... e enfróntase cara a cara co asasino do seu avó.

MÁS MUERTAS VIVAS QUE NUNCA

Dirección, produción e guión: Marta de Gonzalo e Publio Pérez / **País:** España / **Ano:** 2002 / **Duración:** 7 min

Unha moza morta fálanos ao oído. Tras participar nas colectivizacións de terras en Extremadura e Andalucía, foi unha das 4.000 persoas fusiladas na praza de touros de Badajoz a partir do 14 de agosto de 1936, día da toma da cidade polas tropas franquistas durante a guerra civil. Ela fala desde a morte, en espera do que os vivos poden facer das súas sociedades.

NOVEMBER

Dirección, produción e guión: Hito Steyerl / **País:** Alemaña / **Manifesta**5 / **Ano:** 2004 / **Duración:** 25 min

Esta narración subxectiva non é un documental sobre Andrea Wolf, nin tampouco sobre o Kurdistán. Está baseada libremente na vida de Andrea Wolf, amiga da directora Hito Steyerl, que foi asasinada a tiros en 1998 como terrorista kurda no Leste de Anatolia. A narración enfoca o que actualmente entendemos por loita política e a construción de iconas globais verbo da resistencia da muller na cultura popular e as súas implicacións políticas, así como a icona ou imaxe da muller militante. A narración está atravesada por un filme feminista de artes marciais, rodado en Súper-8, realizado entre ambas nos anos oitenta. Neste sentido, *November* sinala as subxectividades utilizando un documento de ficción de Súper-8 e a realidade dos xestos e posturas que contribúen á creación de iconas mediáticas. Un documento que parte dun feito real para contrastalo coa ficción e que ensaia a construción de mitos. A película é tamén un comentario sobre a morte das ideoloxías revolucionarias e desenvólvese evidenciando a carencia de soños da esquerda internacionalista na era da guerra global.

EL DESENCANTO

Dirección e guión: Jaime Chávarri / **País:** España / **Ano:** 1976 / **Duración:** 95 min / **Produción:** Elías Querejeta PC / **Música:** Sonata para piano D959 de Schubert / **Fotografía:** Teo Escamilla / **Montaxe:** José Salcedo

A familia Panero como síntoma do clima da transición política española a mediados da década dos setenta ofrécese como unha tribulación ao presente histórico. O desbordamento verbal do irmán maior, Juan Luis Panero, e do menor, Michi, expón, in medias res, os problemas familiares candentes; a verdade que se agocha tras as relacións; a pugna entre irmáns por ocupar o lugar baleiro que deixou o pai, e a aceptación desta situación por parte da nai. Á vez, as súas circunstancias vitais reflicten –hoxe máis aínda se cabe, polo tempo transcorrido e o distanciamento a que dá lugar– aspectos cruciais da recente historia de España. Os “asasinos dos reiseñores”, “a estirpe infiel dos Panero” deostada por Neruda, conguga tanto a ambigüidade da xeración poética da posguerra española, a súa superficialidade finxidamente transcendente, a súa necesaria falsidade (e a súa inevitable verdade), como o seu oposto, encarnado na transgresión de toda norma, na procura, tolemia poética e real, de Leopoldo María.

PANORAMA DOMÉSTICO ¡ACCIÓN!

Dirección e guión: Mira Bernabeu / **País:** España / **Ano:** 2006 / **Duración:** 25 min

En *Panorama doméstico ¡acción!* Mira retoma un ambicioso proxecto comezado 1996 no que reuniu a súa familia para ser fotografada no antigo Teatro Wagner de Aspe (Alacante), noutra época propiedade familiar. Nesta ocasión, dez anos despois, a través do vídeo, a familia posa para converterse nun símbolo da sociedade española actual, representando as súas diferenzas políticas, económicas, ideolóxicas. A modo de enquisa sociolóxica os familiares responden nesta narración videográfica a catro preguntas: 1. Como explicarías a situación socioeconómica actual de España en xeral e como ves ti a situación socioeconómica en relación a ela? 2. Como definiríais a situación política que estamos vivindo en España actualmente, qué farías persoalmente para solucionalo e cal é a túa opción política? 3. Que opinas da situación da relixión católica no noso país actualmente, qué farías respecto diso e cal é a túa opción relixiosa? 4. Como cres que será España dentro de dez anos e como che gustaría que fose?

CHILE, LA MEMORIA OBSTINADA

Dirección e guión: Patricio Guzmán / **Ano:** 1996 / **País:** Francia / **Duración:** 58 min

Un filme sobre o Chile escondido tras a cortina da súa memoria rachada. Vinte anos despois do golpe de Estado de Pinochet, Patricio Guzmán, o realizador do documental *La batalla de Chile* (1973-1979), regresa ao seu país para comprender cómo e ata ónde o esquecemento imposto polo ditador puido destruír a memoria e a enerxía do seu pobo.

LOS RUBIOS

Dirección e guión: Albertina Carri / **Ano:** 2003 / **País:** Arxentina / **Duración:** 60 min

En *Los rubios*, a súa directora, Albertina Carri, utiliza a cámara para revelar os feitos baseados na vida dos seus pais, desaparecidos e asasinados pola Xunta Militar arxentina. Atacando os enganos da memoria, Carri consegue testemuños de antigos compañeiros e vellas fotografías, namentres unha actriz encarna o rol da directora. Así é como ela e o seu equipo se embarcan nunha procura a través da xeografía e a historia de Bos Aires, tratando de entender o acontecido. A medida que se desvelan datos dos pais de Carri, vai desaparecendo a mitificación e emerxen perspectivas non exentas de conflictividade. Cara ao final, a directora non consegue desvelar completamente o destino dos seus pais, pero si evidencia a súa propia construción sobre eles, elaborando un filme cargado de contradicións emocionais e provocacións intelectuais, que vai máis alá do trágico momento da historia de Arxentina onde se sitúa.

LA MEMORIA ES VAGA

Dirección e guión: Katie Halper / **País:** España / **Ano:** 2004 / **Duración:** 58 min

La memoria es vaga explora cómo a memoria conserva, terxiversa ou destrúe a historia. Este documental narra a historia do Valle de los Caídos, o monumento máis grande de España, por medio de entrevistas cos ex prisioneiros políticos que o construíron, un escultor que traballou no proxecto, falanxistas, un ex ministro franquista e os españois que hoxe en día o visitan. A través da historia do monumento, o documental trata da transición española e ata qué punto a memoria é, en efecto, vaga.